

I CONCENTRACIÓN MOTEIRA TERRAS DE TOMIÑO E FLORENTIÑA

Benvidos a un evento revolucionario no mundo das concentración moteiras. Iremos intentar que pasedes un día xenial e inolvidable cos vosos achegados.

¡Que comece a toleira!

QUE INCLÚE A MIÑA INSCRICIÓN?

Neste evento a primeira novidade é que cada inscrición relacionarase cunha das tres rutas moteiras que temos preparadas.

Cada persoa terá a opción de elixir o tipo de ruta que quere facer adaptada aos seus gustos. É dicir, unha ruta trail, unha de carretera asfalto e outra para motos OldSchool. Todas estas son rutas pensando nas cualidades e dificultades de cada moto.

ONDE RECOLLO A MIÑA INSCRICIÓN

Na praza do Seixo recolleranse e verificaranse as inscricións de cada persoa. Recomendamos facer o check con tempo suficiente antes da saída da ruta. Teranse dous horarios para a recollida da bolsa de inscrito e facer dito trámite. As horas habilitadas serán as seguintes:

- Horario de mañán: **de 09:15 a 10:15 horas**
- Horario de tarde: **de 15:15 a 16:15**

A QUE HORA É A SAÍDA DAS RUTAS?

Como se explica ao principio deste reglamento haberá opción a escoller tres modalidades de rutas: unha trail, de asfalto e old school.

A ruta trail, a diferenza das outras dúas sairá pola mañán.

- **HORARIO RUTA TRAIL:** a saída será ás 10:30 na Praza do Seixo
- **HORARIO DA RUTA RÚA E OLD SCHOOL:** a saída será ás 16:30 na praza do Seixo

PREZOS E PRAZOS DA MIÑA INSCRICIÓN

O prezo da ruta trail será de 40€ na opción de día completo e logo 25€ no caso de ser de medio día. É dicir:

- ★ **25€:** dorsais, agasallos, pincho e bebida durante a ruta, antorchas da ruta nocturna e duchas. No caso de acompañante serán **20€**

- ★ **40€**: dorsais, agasallos, pincho e bebida durante ruta, pincho e bebida de xantar, antorchas da ruta nocturna, duchas, cea, zona de acampada e almorzo.
No caso de acompañante serán **35€**

As outras dúas rutas so contarán cunha opción. O prezo é:

- ★ Todo o día **30€** (dorsais, agasallos, pincho e bebida durante a ruta, antorchas da ruta nocturna, duchas, cea, zona de acampada e almorzo)
No caso de acompañante serán **25€**

O prazo de inscrición será ata o 7 de Xulio. A partir desta data sumaráanse 5€ máis no prezo de cada opción.

**Prezo inscrición no mesmo día serán 5€ máis sobre o prezo da inscrición*

HAY SERVICIO DE ROUPEIRO?

Si, teráse un servizo de roupeiro na Praza do Seixo e no recinto do Alivio.

QUE DEREITOS TEÑO COMO INSCRITO?

- Bolsa de inscrito
- Dorsal (**no caso da ruta trail**)
- Café de recibimento (**no caso da ruta trail**)
- Ruta de GPX cun **90%** offroad e un **10%** de asfalto (**no caso da ruta trail**)
- Pincho e bebida de xantar (**no caso da ruta trail**)
- Pincho e consumición durante a ruta
- Duchas
- Participación no sorteo específico de cada tipo de ruta
- Antorcha para a ruta nocturna
- Cea
- Almorzo

PÓDESE DURMIR ALÍ?

Sí, teráse unha zona habilitada no recinto do Alivio tanto para acampada como para autocaravanas e camper.

NORMAS DO EVENTO

- Nas rutas respetaránse as normas de seguridade vial
- Respetaránse as normas de convivencia dos veciños do pobo
- Faráse caso das recomendacións ou instrucións dos membros da organización, policía local, protección civil e demais.
- Todo o acontecido fora do normal funcionamento do evento será responsabilidade da persoa.

QUE MÁIS COUSAS INCLÚE ESTE EVENTO?

- Servizos de comida e bebida a escachar
- Concertos todo o día e Djs
- Postos de multitude de especialidades
- Espectáculo de stun da man de **Jaque Stun NH-PINA Stunt TEAM**
- Zona de queima rodas
- Touro mecánico
- Exposición de motos Old School da man de **OldSchool Galicia**
- Sorteos
- Cea

RECOMENDACIÓNS DA ORGANIZACIÓN:

- Chegar con tempo ao check da inscrición.
- Utilizar o equipamento correcto para este tipo de evento e para as rutas
- Respetar as normas de circulación e de convivencia entre nós
- Preguntar todas as dudas as persoas da organización

IMPORTANTE A TER EN CONTA


- A ruta trail estará condicionada ás circunstancias climatolóxicas estipuladas polo Medio Rural. Nese mesmo día a organización se rexirá polo IRDI que marque organismo.
Este IRDI é o índice de risco diario de incendio forestal (IRDI) baséase no sistema canadense (*Fire Weather Index*). Este índice ofrece unha aproximación á intensidade do lume que pode producir un incendio. Canto maior sexa o índice, maior intensidade e, polo tanto, máis difícil de extinguir.

Todo isto condiciona a viabilidade da ruta.

É por iso que se o risco fora moi alto ou extremo a ruta terá lugar por asfalto.


A información de dito índice pódese comprobar no seguinte enlace:

<https://mediorural.xunta.gal/es/temas/defensa-monte/irdi>




LOCALIZACIÓN DO EVENTO

Terá lugar tanto na Praza do Seixo de Tomiño recinto de festas Do Alivio.



Tomiño, 36740 Tomiño, Pontevedra

41.99163535056909, -8.74349781785578



Lugar San Bieito, 20, 36740 San Bieito, Pontevedra

41.983138614250606, -8.744549243860684

CONTACTO ORGANIZACIÓN:

Sheila: 600 667 256

Roberto: 625 721 129

acdrcolibri@gmail.com